

Cruceiros de Monterroso

Francisco Xabier Louzao Martínez

Resumo: no presente artigo levamos a cabo o estudo dos cruceiros dun dos concellos que compoñen a comarca da Ulloa, o de Monterroso. Como datos máis importantes desta achega destacaríamos as noticias extraídas dos libros de fábrica, que nos permiten coñecer, nun gran número de casos, as datas de realización e o custo que tiveron, permitindo deste xeito un mellor coñecemento deles.

Resumen: En el presente artículo llevamos a cabo el estudio de los cruceros de uno de los ayuntamientos que componen la comarca de la Ulloa, el de Monterroso. Como datos más importantes de esta aportación destacaríamos las noticias extraídas de los libros de fábrica, que nos permiten conocer, en un gran número de casos, las fechas de realización y el coste que tuvieron, permitiendo, así, un mejor conocimiento de los mismos.

Abstract: This article studies the stone crosses from one of the municipalities that comprised the Ulloa region: Monterroso. The most important details from this contribution would be the news taken from the manufacturing books, which shed light, in a great many cases, on the dates of construction and their cost, providing a better knowledge of them.

Aínda que recollidos e mencionados, se non todos si a maior parte deles, no que respecta ós cruceiros de Monterroso o certo é que faltaba por facer un estudo máis detallado¹, labor que nos propuxemos levar a cabo neste artigo, que esperamos sirva como punto de partida de traballos máis amplos e con outros puntos de vista que o poidan complementar. E falamos de cruceiros no sentido e interpretación que deles temos na actualidade, sen a diferenza que entre cruces e cruceiros se fai por algúns estudosos do tema, para os que segundo definición tradicional, as primeiras carecerían de imaxes,

¹ Aparecen recollidos por RIELO CARBALLO, Nicanor: *Inventario artístico de Lugo y su provincia*, 6 vols., Madrid, Ministerio de Educación e Ciencia e de Cultura, 1975-1983. O Pleno do Concello de Monterroso do 16 de marzo de 2012 aprobou inicialmente o PXOM, con inclusión dos cruceiros no seu catálogo, que se someterá a exposición pública con posterioridade. Curiosamente, o inventario de cruceiros galegos realizado polo Departamento de Proxectos da Escola de Arquitectura da Coruña non inclúe a comarca da Ulloa, quedando por tanto fóra dela, pois a de Chantada só inclúe os concellos de Carballedo, Chantada e Taboada. CASABELLA LÓPEZ, Xan: "Conclusións dun inventario extensivo das cruces de pedra de Galicia. Traballo de investigación do Departamento de Proxectos Arquitectónicos da Escola Técnica Superior de Arquitectura da Coruña en colaboración coa consellería de Cultura da Xunta de Galicia", en *Actas do I.º Congreso Galego sobre "Cruceiros e Cruces de Pedra"*, Vigo, AGCE, 2009, p. 191.

mentres os segundos deberían contar cando menos unha, preferentemente o Cristo crucificado.² De acordo cos libros parroquiais, xa dende o século XVIII a denominación que se lles aplica é sempre a de cruceiro.

Elementos moi habituais da paisaxe galega, sempre aparecen perfectamente integrados na paisaxe, en harmoniosa simbiose, a pesar de destacarse de xeito visible no contorno ó mesmo tempo, por contradictorio que puidese parecer.

Se ben de xeito habitual os datos que deles se teñen non son moi precisos, e o feito de non ser considerados obras da arte culta, o certo é que o seu inventario e catalogación resulta fundamental de cara ó coñecemento do noso Patrimonio cultural, no seu ámbito etnogáfico neste caso.

Consideramos que como especial contribución para destacar para o seu estudo e datación histórica, achegamos o coñecemento dos libros parroquiais, que no caso deste concello nos ofrecen abundante información á hora de clasificalos cunha cronoloxía exacta.³ Desgraciadamente non podemos dicir o mesmo da súa autoría, case nunca recollida, xa que neste tipo de obras, pero non exclusivamente, o certo é que non se personaliza ou menciona o nome dos seus autores. Temos que dicir ao respecto que isto resulta máis habitual do que podería parecer no ámbito doutras obras artísticas nas parroquias do rural, nas que o maior ou menor interese do párroco de *turno* ou do mordomo que anotaba os datos deixaba fe dos artistas que nelas participaban. Porque se ben se deixa constancia da feitura dun retablo, do amaño dun muro, ou da renovación da propia igrexa, en escasas ocasións se menciona o nome deses artífices. Por suposto, anótase o seu custo, que era o interese prioritario; ás veces incluso o lugar de orixe do mestre e axudantes, pero sen mencionalos polos seus nomes, non sabemos se por non recoñecerlles categoría artística, ó ser artesáns que non se consideraban acredores da excelencia. Porque certamente eran poucos os artistas consagrados que podían deixar por estas parroquias obras súas.

Sinalar así mesmo a continuidade tipolóxica que se observa dende a segunda metade do século XVIII ata principios do XX, pero moi especialmente ó longo do XIX, sobre todo nos seus anos centrais, de maneira que resulta practicamente imposible diferenciarlos sen ter una cronoloxía fiable. Será a cruz o elemento que mellor permita a súa clasificación, aínda que non en todos os casos.

² GONZÁLEZ PÉREZ, Clodio: *Os cruceiros*, Cadernos do Museo do Pobo Galego, 12, Santiago, 2003, p. 13

³ Resulta opinión xeneralizada a escaseza de notas ou documentos sobre as datas de creación, por exemplo, ademais de nomes de autores, o que, na nosa modesta achega tratamos de corrixir neste estudo. A modo de exemplo, Laredo Verdejo, José: *Os nosos cruceiros*, vol. I, A Coruña, Boreal-Xuntanza editorial, 1993, p. 1. Algúns autores consideran que a información subministrada polos libros de fábrica non resulta suficiente para determinar que o cruceiro nomeado sexa o actual, pero si é certo que na maioría dos casos consideramos non existe tal problema, tendo en conta as súas características. Incluso se dan casos de mencionar cruceiros do XVIII, substituídos con posterioridade nos séculos seguintes. É o caso da parroquia de Valboa, cun cruceiro relizado no 1770, que será substituído polo actual en 1904. Libro de Fábrica de Valboa, n.º I, 1737-1872, fol. 37, e Libro n.º II, fol. 46, completados co *Libro de la Cofradía del Santísimo*, 1900-1920, fol. s/n. Outros manifestan a súa opinión nesta liña, cando din que “o único xeito de saber algo verbo do autor é consultando os libros de fábrica da igrexa ou de confrarías, pero nestes casos só cando se refire a aqueles que mandan facer o párroco e non persoas particulares”. GONZÁLEZ PÉREZ, Clodio: *Os cruceiros*. Santiago, Museo do Pobo Galego, 2003, p. 50.

A diferenza doutras zonas da xeografía galega, que se caracterizan por unha maior abundancia deste tipo de pezas, no concello monterrosino atopamos tantos como parroquias e algún máis, sempre unidos á igrexa parroquial,⁴ situándose nas súas proximidades, tendo unha función destacada na festa ou festas do lugar, cando as procesións discorrian ata o mesmo, dándolle a volta e regresando ó punto de partida, marcando deste xeito o percorrido a seguir, e abandoando o adro, para estender así a influencia deste terreo, moitas veces campo da festa, no que despois se desenvolvía esta, e a romería, se era o caso.

Como ben di Felipe Senén López, “o cruceiro elemental é o máis representativo”⁵, pois atopámonos nun concello, como nos dos arredores e eu creo en boa parte da provincia lucense, no que estas pezas son sinxelas, carentes na súa maior parte de decoración, e por suposto de figuración, fronte ó que resulta máis habitual noutros lugares de Galicia.

En relación con algunhas opinións recollidas por parte de estudosos do tema, discrepan neste caso tamén do período de maior relevancia construtiva, pois cando se fala dunha febre construtiva ata mediados do XVIII, no caso deste concello, o que poderíamos facer extensivo á comarca, e incluso territorios máis extensos da provincia, nin moito menos resulta que se observe tal diminución. Ben ó contrario, intensifícase sobremaneira, pois a maioría datan da segunda metade do XIX, a pesar da posible redución do fervor relixioso, do que non estamos tan seguros no rural, a teor da fundación dun bo número de confrarías nas parroquias por eses anos⁶. E aínda que constituicións sinodais, como as de Lugo de 1675 se fan eco e falan de levantar cruces a dous metros de altura, o certo é que os bispos, a través dos visitantes nas parroquias, non mostraron o celo que si se manifesta noutros asuntos para a súa erección. Podía anotarse a renovación dun cáliz, a substitución dunha imaxe, a construción a cimentos dunha nova fábrica parroquial ou a poda dunhas polas que molestaban no adro, mesmo a creación dunha confraría con determinada advocación, que se imponía, pero nunca se recolle nos libros parroquiais a orde de levantar un cruceiro.⁷

Finalmente, sinalar que na súa maior parte serán costeados polas parroquias, supoñemos que a instancias dos párrocos, pois como deixamos mencionado, nunca se observa intervención do bispado, e ocasionalmente, por confrarías, o que se explicaría en boa medida por contar moitas veces con maiores recursos económicos, investidos neste tipo de construcións cando era preciso ou axudando á fábrica á hora do pagamento. Ocasionalmente os propios párrocos podían financeiros pola súa conta, como acontece co cruceiro de Penas, sufragado por D. Teolindo Cortiña.

⁴ LÓPEZ GÓMEZ, Felipe Senén: no prólogo de *Os nosos cruceiros*, de LAREDO VERDEJO, José, vol. I, A Coruña, Boreal-Xuntanza editorial, 1993, p. X. Di que “non hai parroquia en Galicia que non teña un ou máis cruceiros, e si non os ten é porque os perdeu.”

⁵ *Ibidem*, p. XI.

⁶ FERNÁNDEZ DE LA CIGOÑA, Salvador: “A orixe barroca dos cruceiros galegos. O cincel da contrarforma”, en Actas do I.º Congreso Galego sobre “Cruceiros e Cruces de Pedra”, Vigo, AGCE, 2009, p. 103. Opinión contraria vértela González Pérez, Clodio: *Os cruceiros*, Santiago, Museo do Pobo Galego, 2003, p. 47, cando, tras falar do menosprezo que sufriron na primeira metade do XIX, ó longo da segunda metade “foi cando máis se erixiron no rural, debido á influencia dos cregos”.

⁷ FERNÁNDEZ DE LA CIGOÑA, pp. 102-103



1. Cruceiro de Arada

Parroquia: Santa María de Arada
Lugar: Arada.
Coordenadas: X: 596715 - Y: 4739275
Cartografía: Servizo Xeográfico do Exército, escala 1: 50.000, folla 7-8 (123).
Situación: preto da igrexa parroquial, á beira do camiño.
Propiedade: privada, igrexa.
Conservación: en bo estado
Descrición: baseamento formado por cinco chanzos de granito, conformando unha airosa base de especial amplitude polo seu desenvolvemento, de tipo piramidal escalonada.
Base monolítica, de forma cúbica, lisa, con moldura cóncava na parte superior, que se estreita así para recibir ó fuste.
Fuste monolítico liso, de sección cuadrangular nos extremos, pero achafranado na parte central.

Capitel de tipo troncopiramidal invertido amplamente moldurado, con xunquillo no entronque co varal, moldura de sección convexa, corpo prismático liso e dúas molduras flanqueando unha escocia.

Cruz lisa, de tipo latino, e sección octogonal, cos extremos dos brazos frolenzados e botón central. Carece de efixies.

Datos históricos: construíuse no ano 1853, tendo un custo de 320 reais, ós que habería que engadir outros 41 polo desmonte do sitio e xornais, tal como se recolle no *Libro de Fábrica* correspondente⁸.

Bibliografía:

RIELO CARBALLO, Nicanor: *Inventario artístico de Lugo y su provincia*, vol. I, Ministerio de Educación y Ciencia, Madrid, 1975, p. 92.



2. Cruceiro de Bidouredo

Parroquia: Santiago de Bidouredo
Lugar: Bidouredo
Coordenadas: X: 593576 - Y: 4739420
Cartografía: Servizo Xeográfico do Exército, escala 1: 50.000, folla 7-8 (123).
Situación: preto da igrexa parroquial, á beira do camiño que conduce á aldea, fóra do adro.
Propiedade: privada, igrexa.
Conservación: en bo estado
Descrición: baseamento formado por un chanzo de granito de planta cuadrangular de non excesivo grosor.
Base monolítica de forma cúbica co terzo superior noiro, que serve para recibir o varal.
Fuste monolítico liso, de sección cuadrangular nos seus extremos, pero achafranado no resto. Capitel formado pola superposición de molduras, de diferentes tamaños e dimensións. De abaixo a arriba, cóncava, e peza cuadrangular de remate.

Cruz lisa, grega, coas arestas achafranadas, e terminacións florenzadas con botón central.

Datos históricos: foi construído en 1853, segundo consta nos libros de fábrica, cun custo de 100 reais “por un crucero nuevo de cantería”, sinalándose neste caso o custo da pilastra, que foi de 40 reais⁹.

Bibliografía:

RIELO CARBALLO, Nicanor: *Inventario*, ob. cit., vol. I, p. 240

⁸ Libro de Fábrica de Arada, nº I, 1743-1883.

⁹ *Libro de Fábrica de Bidouredo*, Libro I, 1713-1853, fol. 179, e Libro II, 1845-1888, fol. 3



3. Cruceiro de O Bispo

Parroquia: O Bispo

Lugar: O Bispo

Coordenadas: X: 598019 - Y: 4733776

Cartografía: Servizo Xeográfico do Exército, escala 1: 50.000, folia 7-8 (123).

Situación: a carón da igrexa, fóra do adro.

Propiedade: privada, igrexa

Conservación: alterado, coa perda do fuste orixinal e da cruz, substituídos por pezas máis recentes; o varal, antes de cemento, foi substituído por un novo de pedra pulida, o mesmo que a cruz.

Descrición: baseamento de dous chanzos de granito.

Base monolítica cúbica, lisa, co terzo superior rematado con moldura noira de perfil cóncavo e finas baquetillas enmarcándoa.

Fuste monolítico de pedra pulida, de sección

cuadrangular nos extremos, e achafranado na parte central.

Capitel formado por moldura troncopiramidal invertida de perfil lixeiramente cóncavo, filete estreito, bocel convexo de arestas curvas e xunquillo.

Cruz latina de escaso grosor, lisa, moi plana.

Bibliografía:

RIELO CARBALLO, ob. cit., vol. I, p.242



4. Cruceiro de Cumbras

Parroquia: San Martiño de Cumbras

Lugar: Cumbras de Abaixo

Coordenadas: X: 595153 - Y: 4740806

Cartografía: Servizo Xeográfico do Exército, escala 1: 50.000, folia 7-8 (123).

Situación: no camiño, próximo á igrexa, fóra do adro.

Propiedade: privada, igrexa

Conservación: en bo estado

Descrición: baseamento formado por un chanzo de sección cuadrangular, asentado nunha rocha que se picou e labrou lixeiramente para o seu asentamento, dando a imaxe dun novo paso, ofrecendo unha óptima integración co terreo.

Base monolítica lisa, de forma cúbica, con altar apegado nun dos lados, que ten a mesa rectangular con moldura semiconvexa voada de remate.

Fuste monolítico de sección cuadrada nos extremos e achafranado na central.

Capitel con moldura cóncava, medio bocel convexo, grosor bocel cóncavo e xunquillo. Cruz latina, lisa, de sección octogonal, cos extremos dos brazos frotzados, carente de efixies.

Bibliografía:

RIELO CARBALLO, ob. cit., vol. II, p. 257



5. Cruceiro de Esporiz

Parroquia: San Miguel de Esporiz

Lugar: Esporiz

Coordenadas: X: 594774 - Y: 4738870

Cartografía: Servizo Xeográfico do Exército, escala 1: 50.000, folia 7-8 (123).

Situación: nun cruce de camiños, perto da igrexa

Propiedade: privada, igrexa

Conservación: en bo estado

Descrición: plataforma de tres chanzos de granito, o inferior parcialmente enterrado. Nun dos lados do superior sobresaie una peza rectangular de fronte curva, para apoio dun altar.

Base troncopiramidal lisa coroada por moldura de perfil cóncavo, xunquillo cilíndrico, e bocel aplastado de borde convexo. Fuste monolítico cilíndrico con acanaladuras verticais refundidas.

Capitel moldurado, con platillo na base, moldura poligonal, e outras tres superpostas, cúbicas cos seus extremos achafranados, de diferentes grosos, destacándose a central. Cruz latina de perfís achafranados e brazos rematados con bolas. Semella que un dos verticais perdeu este elemento.

Datos históricos: é posible que se trate da “cruz de pedra construída con motivo del año santo”, que ademais de distintas esmolos, tivo un custo para a fábrica de 200 pesetas, entre os anos 1899 e principios de 1901.¹⁰

Bibliografía:

RIELO CARBALLO, ob. cit., vol. IV, p. 256

¹⁰ *Libro de Fábrica de Esporiz e Bidouredo*, n.º IV, 1888-1936, fol. 16, nas contas dende 1899 ata fins de marzo de 1901.



6. Cruceiro de Monterroso

Parroquia: San Miguel de Esporiz

Lugar: Monterroso

Coordenadas: X: 595182 - Y: 4738478

Cartografía: Servizo Xeográfico do Exército, escala 1: 50.000, folia 7-8, (123).

Situación: no centro do pobo, diante da igrexa parroquial, no Cruce.

Propiedade: privada, igrexa

Conservación: en bo estado

Descrición: plataforma formada por dous amplísimos chanzos de granito, de borde moldurado sobresaínte.

Base composta por un gran prisma, no que as frontes se tratan con pilastras en resalte nos extremos, deixando a zona central rebaixada. Unha peza a xeito de mesa, prolongada ó exterior, sèrvelle de remate. No seu centro sitúase un chanzo coroado por

un corpo cúbico liso, rematado por unha moldura noira de perfil cóncavo. Sobre esta un bloque prismático rematado cun cilindro. Da parte inferior deste bloque sobresaie, en cada unha das frontes, ménsulas molduradas con tres tabletas escalonadas de perfil recto, asentadas en pezas piramidais invertidas de perfil ondulante. Serven de apoio a basamentos cúbicos de extremos achafranados e bordo superior noiro, nos que descansan catro efixies de santos comezando dende a fronte e seguindo o sentido das agullas dun reloxo, a Inmaculada, Santiago Apóstol, Santa Tareixa, e Santa Bárbara. Levan grabado o seu nome no pedestal: INMACULADA, SANTIAGO, S. TERESA, S. BARBARA. A primeira das figuras segue a iconografía tradicional, no descendemento á terra, sobre un golpe de nubes con querubíns e as mans unidas sobre o peito, seguindo de cerca sobre todo as teas de Murillo¹¹. O Santiago peregrino represéntase a partir do século XIII case sempre así, calzado en vez de descalzo, como os apóstoles, coas roupas de peregrino, o sombreiro de ala ancha e apoiado no bordón¹². No caso da Santa Tareixa de Xesús, ou Ávila, represéntase cun libro. Elexida en España como patroa da Intendencia Militar, de xeito un tanto inesperado para Reau, deberíase esto non a título de mística, senón por ser reformadora da orde, que administrou con notable sentido práctico¹³. E por último Santa Bárbara represéntase levando unha palma na man esquerda, cruzada sobre o peito, apoiando a dereita nunha torre, o seu símbolo máis recoñecible. Patroa

¹¹ REAU, Louis: *Iconografía del arte cristiano*, Barcelona, ed. Del Serbal, 2000, tomo 1, vol. 2, pp. 85-89

¹² Ídem, tomo 2, vol. 5, p. 176

¹³ Ídem, p. 259

dos artilheiros xa a partir do século XV, pois os canóns lanzan raios, que expoñen os homes a explosións accidentais en tempos de paz e a mortes nas guerras.¹⁴

Fuste composto por tres pezas, de sección cilíndrica, liso, en forma de gran cruz latina, polo que os habituais elementos de capitel e cruz non aparecen, carecendo de sentido, nunha interpretación libre do cruceiro tradicional.

Datos históricos: A construción deste cruceiro vai ligada ás obras da nova igrexa parroquial, iniciada en febreiro de 1910, cando se empezou a arrincar a pedra para a obra, bendicíndose a primeira fase o 19 de marzo de 1912. Faltaba por rematar a parte superior a partir das fiestras e as torres, tras o pasamento do cura párroco, D. Ramón Díaz, o que se levará a cabo no ano 1962.¹⁵ Cara 1940 remátanse as tres naves e algo máis tarde cúbrese a cúpula. Por esta data tería lugar a construción do monumental cruceiro, segundo Carlos Méndez,¹⁶ que conmemora os caídos da guerra civil, situándose na base os santos titulares das catro armas do exército: a Inmaculada como patroa do corpo de Infantería, Santa Bárbara de Artilería, Santiago peregrino de Caballería, e Santa Tareixa de Intendencia. Consérvanse fotos de época na que se pode ver a igrexa inacabada pero coa escalinata de tipo imperial enmarcando o cruceiro, como na actualidade. Non se fala deste elemento de xeito individualizado, pero si dos canteiros que participan na obra da igrexa: Severino Mariño, o mestre, Gregorio Mariño e Pablo e Rosendo Fiestras, todos eles vecinos do concello de Forcarei, na provincia de Pontevedra¹⁷. Algo que non é de estrañar, dada a sona que os “canteiros de baixo”, como se denominaban, tiñan por estas terras, pois tamén eran chamados para realizar as casas máis prestixiosas da vila, caso do Café García. Carlos Méndez sinala que as tallas foron esculpidas por discípulos do ilustre escultor Francisco Asorey. A pesar de ser catalogado como cruz en ocasións, na documentación menciónase como cruceiro, sentido que, entendemos, se lle quixo dar dende un principio, de ahí a súa inclusión neste catálogo.

Bibliografía:

MÉNDEZ VÁZQUEZ, Carlos: *Centenario de la iglesia parroquial de Monterroso*, 1910-2010, Monterroso, ed. Carlos Méndez, 2010.

¹⁴ Ídem, tomo 2, vol. 3, pp. 169 e 172

¹⁵ *Libro de Fábrica de Esporiz y Bidouredo*, n.º III, 1888-1936, fol. 29, fálase das obras da nova igrexa en 1911. Para a consagración da igrexa, en 1967, fol. 51 v. Para as obras de remate e as contas da nova parroquial, fols. 52, 79 e 84.

¹⁶ MÉNDEZ VÁZQUEZ, Carlos: *Centenario de la iglesia parroquial de Monterroso*, 1910-2010, Monterroso, ed. Carlos Méndez, 2010, p. 21.

¹⁷ *Libro de Fábrica de Esporiz y Bidouredo*, ob. cit., fol. 79.



7. Cruceiro de Fente

Parroquia: San Martiño de Fente.

Lugar: Fente

Coordenadas: X: 595800 - Y: 4734985

Cartografía: Servizo Xeográfico do Exército, escala 1: 50.000, folla 7-8 (123).

Situación: No camiño de subida á igrexa, preto da mesma.

Propiedade: privada, igrexa

Conservación: en bo estado

Descrición: plataforma de tres chanzos de granito de xenerosas dimensións, a inferior parcialmente enterrada debido á pendente do terreo. Conta con mesa de altar, rectangular, de borde recto e moldura inferior en noiro invertido, asentada en pedras verticais de frontes acanaladas con recortes de placas, perforada na superficie con buratiños, para colocar nelas os cirios empregadas nas ceremonias.

Carece de base.

Fuste monolítico, asentado directamente no baseamento, de sección cuadrangular no extremo inferior, coas arestas rebaixadas no resto, coroándose co capitel, tallado na mesma peza. Tanto no bordo superior como inferior do varal, no lugar de paso da sección prismática á achafranada, márcanse con gotas verticais en resalte as arestas rebaixadas. No terzo inferior obsérvase un amaño, con grampas de ferro dispostas verticalmente para dar solidez ó varal, roto nese lugar, haberá cousa de 5 ou 6 anos, segundo nos informa Jesús Rama, natural de Laracha pero afincado en Fente, quen o restaurou. Capitel de gran desenvolvemento, prismático, coas catro caras ofrecendo superficies rectangulares con recorte inferior semiesférico, relevado, lembrando solucións propias do barroco de placas. Cada unha destas decórase con escenas alusivas á Paixón de Cristo. Así, no anverso a efixie de Cristo, frontal, de pé, cos brazos entrecruzados, en aspa, como tamén parece a disposición das pernas, flanqueado por dúas figuras vestidas con túnicas, os sicarios que o azoutan, golpean e ameazan. No reverso Cristo coa cruz ás costas, seguindo o evanxelista San Xoán, que a diferenza do que sucede cos outros evanxelistas, descoñece a Simón de Cirene axudando a Xesús, sendo el, só, quen a leve ata o final. Na arte occidental, cun sentido dramático máis desenvolvido que no Oriente, representárase sufrindo en solitario baixo o peso da cruz preferentemente. Teríamos que visualizar por completo estas imaxes policromadas, acentuando o realismo e dramatismo, coa túnica vermella e a coroa de espiñas. Será a finais da Idade Media cando cando a cruz se volva extremadamente pesada, cada vez máis aplastante, para

así conmoer e apiadar os feis cos sufrimentos do Redentor¹⁸. Na parte superior vai flanqueada a figura por un rostro con halo e a caveira sobre as tibias entrecruzadas, en aspa. Trátase sen dúbida da representación da Virxe ou da Santa Verónica, poñéndose en relación coas postas en escena dos teatros dos Misterios¹⁹. Nos extremos laterais dúas superficies con figuras que semellan humanas, con botas, en actitude de camiñar, mirando unha á esquerda, a outra á dereita, pero con rostros animais ou monstruosos, un deles case leonino, son cabezas de cans, que semellan botar unas longas línguas fóra, como trompetas ou cornos. Trátase dunha parella de cinocéfalos, monstros semihumanos, caracterizados por ter corpo humano con cabeza de can. A diferenza doutros monstros semihumanos, con corpos animais e cabezas humanas –o sátiro, o centauro, a esfínx-, aquí ocorre á inversa. Forma parte do repertorio dos Bestiarios moralizadores tomados das mitoloxías de antigas culturas, como a grega, aínda que neste caso provén do panteón exipcio, o deus Anubis.²⁰ Lembremos que o can está considerado polos orientais como un animal impuro, símbolo dos pecadores que volven ós seus propios vómitos, que sería como se interpretaría neste caso, lanzándoos pola boca. Na *Historia eclesiástica* de Eusebio este compara o can co demo, asimilando os demos ós cans infernais.²¹ Esta lectura complementábase perfectamente coa escena do Prendemento de Xesús, tratada nunha das fronteiras do capitel, pois nas ilustracións dos salterios os esbirros que arrestaron a Cristo teñen cabezas de can, en alusión ó Salmo 22,17: “Rodéame coma cans, cércame unha turba de malvados...”²²

Un dos grandes vulgarizadores destes animais fabulosos, inspirándose sobre todo en libros, como a *Historia dos animais* de Aristóteles, será Plinio o Vello, quen no libro VII da súa *Historia natural* describe moitos deles, como é o caso do cinocéfalo. Estes seres fabulosos formarán parte constitutiva dos relatos de viaxes ata finais da Idade Media, aplicándose ós primeiros peregrinos, misioneiros e exploradores de Asia, destacándose sobre todo o *Viaxe arredor da terra* (1356) do inglés John de Mandeville, traducido no seguinte século a todas as línguas europeas, axiña editado no prelo, enriquecido cun centenar de grabados sobre madeira que representan as marabillas e monstros atopados no seu periplo. A este autor débese a persistencia, ata o século XVI, destas lendas, entre eles os cinocéfalos.²³ Un corpo cuadrangular de bordo recto e moldura ribadada invertida serve para asentar a cruz.

Cruz latina, de sección cuadrangular, coas arestas marcadas por xunquillos, con terminacións lobuladas das que sobresaen no centro un florón ou botón cónico. Decóranse as superficies, no anverso cun crucificado de tres cravos, curto faldellín e disposición rixida, de brazos horizontais e testa lixeiramente ladeada, frontal, coa cartela do INRI

¹⁸ REAU, ob. cit., tomo 1, vol. 2, pp.481-483

¹⁹ Idem, p. 483

²⁰ Idem, pp.144 e 151

²¹ Idem, p. 136

²² Idem, tomo 1, vol. 2, p. 452

²³ DELACAMPAGNE, Ariane y Christian: *Animales extraños y fabulosos*, Madrid, ed. Casariego, 2005, pp. 56 e 70, fig. n.º 59.

disposta verticalmente e no reverso un Cristo servindo de efixie no centro da cruz, cos seus brazos entrecruzados en aspa, por tanto morto, surmontado pola cartela en posición vertical do INRI, e con dous anxeños na súa dirección, dispostos nos brazos transversais. No lateral esquerdo do brazo vertical, unha pequena figura humana de rostro moi tosco leva unha macheta, ou acaso unha gadaña, a Morte. Como personificación da fin da existencia humana complementa moi ben o resto de figuras, aínda que puidera parecer forzada a súa aparición. Será cara ó Renacemento cando se divulgaron os seus atributos, como o esqueleto con gadaña, a través da influencia mitolóxica, pois xa Eurípides, na súa traxedia *Alcestes* introduce a Morte en escena con vestiduras negras e acompañada por un coitelo.²⁴ O Tempo recibirá unha gadaña do deus Crono, que como as tesoiras de Atropo serve para cortar a vida, o mesmo significado que toma a Morte, personificada ás veces cun esqueleto cuberto cun manto,²⁵ como parece ser o caso, observándose un rostro pouco definido, o que non sería por tanto sinal de rusticidade, ben ó contrario, a esquematización dunha caveira. A situación na cruz, como queda dito, adquire así pleno significado, pois a figura da Morte ten un carácter ambivalente, significando terminación, pero tamén comezo. No mundo cristián incide no nacemento á vida eterna²⁶. No outro lado unha figura co que podería ser un báculo e mitra, sen dúbida o patrón da parroquia, San Martiño. Aínda que non é a iconografía máis frecuente, a San Martiño, como bispo de Tours, represéntase dignificado con estes elementos, contando cunha popularidade moi elevada, sinalando durante moito tempo a data da súa celebración, o 11 de novembro, o inicio do inverno.²⁷ A decoración que se atopa nos brazos horizontais da cruz, pola súa parte inferior, consiste en instrumentos da paixón, como as tenaces e macheta, o que podería ser a figura dun león e noutro a figura dun carneiro ou un anxo. No brazo vertical unha escada e unha espada. A diferenza do que adoita ser habitual, estes elementos dispóñense envolvendo a cruz, en lugar de ocupar o varal do cruceiro, como se pode apreciar en moitos exemplos do concello de Castro de Rei e Outeiro de Rei, entre outros.²⁸

Sen dúbida este complexo programa iconográfico e simbólico estaría baseado en gravados que, ou ben circulaban na época ou se extraían de fontes relixiosas, como biblias e breviarios, que o párroco de *turno* sinalaría ó canteiro que labraba este espléndido conxunto.

²⁴ PÉREZ RIOJA, José Antonio: *Diccionario de símbolos y mitos*, Madrid, ed. Tecnos, 2008, p. 234

²⁵ HALL, James: *Diccionario de temas y símbolos artísticos*, Madrid, ed. Alianza, 1987, pp. 152 e 221

²⁶ REVILLA, Federico: *Diccionario de iconografía y simbología*, Madrid, ed. Cátedra, 1999, p. 304
O autor sinala así mesmo como a partir do gótico a Morte se representa de forma humana, como unha momia ou un esqueleto animado. No cruceiro posiblemente se perciba máis próxima a figura a unha momia, de marcado expresionismo.

²⁷ REAU, ob. cit., tomo 2, vol. 4, pp. 348-359

²⁸ ARRIBAS ARIAS, Fernando; BLANCO PRADO, José Manuel: *Catálogo de cruceiros da Terra Chá. Cruceiros de Castro de Rei e Outeiro de Rei*, Sada, Edicións do Castro, 1998, pp. 30-37, 42, 56, 62, 72, 74 a xeito de exemplos. Dos mesmos autores, *Cruceiros de Begonte, Cospeito e Rábade*, Sada, Edicións do Castro, 2000, de novo con abundantes exemplos.

Se nos fixamos atentamente nunha serie de aspectos, técnicos e iconográficos, pensamos que se podería propoñer unha cronoloxía para a datación desta peza. Así, tendo en conta que moitos dos erixidos antes do XVII están labrados no mesmo bloque o varal e o capitel, polo que este último adoita ser de escaso volume, como é o caso, e que se incorpora un motivo decorativo pouco menos que insinuado, pero evidente, como son as placas semicirculares en resalte nos remates do varal, propias do barroco, levaríanos a encadralo no século XVII, con notables arcaísmos en figuras como a do crucificado, moi pegada á cruz, vertical, sen ladear a testa, e o que parece sen mostras de sufrimento.²⁹

Datos históricos: aínda que carecemos de datos referentes ó cruceiro, sabemos que a mesa de altar foi engadida en 1907, cun custo de 15 pesetas, “por hacer una mesa junto al crucero para la exposición del Corpus en Fente”.³⁰

Bibliografía:

RIELO CARBALLO, ob. cit., vol. III, Ministerio de Cultura, Madrid, 1980, p. 31. Voz “Monterroso”, na *Gran Enciclopedia Galega*, vol. 30, Lugo, ed. *El Progreso*, 2003, p. 170.



8. Cruceiro da Graña.

Parroquia: San Martiño de Fente

Lugar: A Graña

Coordenadas: X: 595145 - Y: 4734474

Cartografía: Servizo Xeográfico do Exército, escala 1. 50.000, folia 7-8 (123).

Situación: Moi preto da capela de Santa Minia.

Propiedade: privada

Conservación: en bo estado

Descrición: poderíase considerar como plataforma un murete de tipo ovoide sobre-elevado respecto ó camiño, que serve para asentar o propio cruceiro.

A base está practicamente oculta, semellando ser un pequeno bloque cúbico co borde superior noiro, emerxendo lixeiramente.

Fuste monolítico, prismático, de sección cuadrangular, cos extremos achafranados.

Capitel moldurado, de tosca talla, com-

posto por unha moldura cóncava entre dúas convexas, a inferior de bordo recto e outra de pronunciado perfil cóncavo, que se coroa cun corpo cúbico.

Cruz de cemento, a diferenza do resto, de tipo latino, con brazos rectos de arestas rebaixadas e extremos ensanchados de bordo recto.

Datos históricos: o cruceiro debe datar do ano en que se levanta a nova capela erixida xunto á casa de D. Vicente Feás Soengas, na Graña, baixo a advocación da Virxe do Carmelo, aínda que é coñecida como capela de Santa Minia e que foi bendicida o día 26 de abril de 1866 polo arcipreste de Narla, na súa visita.³¹ Polo tanto habería que pensar no ano precedente, 1865, ou nos primeiros meses do 1866.

Bibliografía:

RIELO CARBALLO, ob. cit., p.31

²⁹ GONZÁLEZ PÉREZ, ob. cit., pp. 19, 22 e 68.

³⁰ Libro de Fábrica de Amonxa e Fente, 1877-1985, fol. 21.

³¹ Libro de Fábrica de Fente, 1739-1876, fol. 107



9. Cruceiro dos Ferreiros

Parroquia: San Cibrao dos Ferreiros
Lugar: Os Ferreiros
Coordenadas: X: 596571 - Y: 4732000
Cronoloxía: Servizo Xeográfico do Exército, escala 1: 50.000, folia 7-8 (123).
Situación: á beira do camiño, preto da igrexa.
Propiedade: privada, igrexa
Conservación: en bo estado
Descrición: plataforma cuadrangular de bordo recto e moldura ribadada de sección cóncava.
Carece de base.
Fuste monolítico, prismático, de sección cuadrangular nos extremos e coas arestas achafranadas no resto, decorándose na parte superior con cintas colgantes rematadas por gotas sobre as arestas. Obsérvase unha rotura á altura da súa parte central.

Capitel cúbico, moldurado a base do xogo de bandas en resalte sobre outras refundidas, destacándose a superior por ocupar a metade do espazo e o diferente tratamento ornamental, cunha faixa de arquiños de medio punto separados por espazos rectos –interpretación dun arco serliano– en resalte sobre o fondo liso.

Cruz latina, de sección octogonal, cos extremos dos brazos lobulados e botón central.

Datos históricos: data de 1873, como se observa nas contas parroquiais do mesmo ano: “280 reales por beneficiar un crucero de piedra enfrente de la iglesia para obsequio de la misma, que llevaron los maestros canteros y demás peones”³². Catro anos máis tarde, sendo depositario Antonio Ferreiro, rebáixanse aínda 20 reais polos xornais e servizos prestados na construción do cruceiro parroquial.³³

Bibliografía:

RIELO CARBALLO, ob. cit., vol. III, p. 54

³² *Libro de Fábrica dos Ferreiros*, 1718-1866, fol. 129. Aínda que na tapa o libro describe a data de 1866, realmente abarcan as contas ata o ano 1877.

³³ *Ídem*, fol. 131



10. Cruceiro de Frameán

Parroquia: San Pedro de Frameán
Lugar: San Pedro
Coordenadas: X: 596209 - Y: 4736284
Cartografía: Servizo Xeográfico do Exército, escala 1: 50.000, folia 7-8 (123).
Situación: moi perto da igrexa, fóra do adro
Propiedade: privada, igrexa
Conservación: en bo estado
Descrición: plataforma de dous chanzos de granito, que asentan sobre una rocha lixeiramente elevada do terreo.
Base cúbica coas arestas superiores rebaixadas.
Fuste monolítico de sección hexagonal.
Capitel moldurado, con sección inferior troncopiramidal invertida de perfil cóncavo, a central convexa, e tableta de remate con bordo recto.

Cruz latina, de sección cuadrangular nos extremos e octogonal no resto, faltando parte dun dos brazos horizontais.

Datos históricos: Realizado no ano 1900, como consta no *Libro da Confraría de San Roque*, quen o costeou, por un valor de 60 pesetas.³⁴

Bibliografía:

RIELO CARBALLO, ob. cit., vol. III, p. 138

Voz “Monterroso”, na *Gran Enciclopedia Galega*, vol. 30, Lugo, ed. *El Progreso*, 2003, p. 170.

³⁴ *Libro da Confraría de San Roque*, I, 1770-1920, fol. 59



11. Cruceiro de Fufin

Parroquia: San Martiño de Fufin

Lugar: Fufin

Coordenadas: X: 595547 - Y: 4742947

Cartografía: Servizo Xeográfico do Exército, escala 1: 50.000, folia 7-8 (123).

Situación: nun cruzamento de camiños, moi perto da parroquial, que deixa ver a súa ábsida.

Propiedade: privada, igrexa

Conservación: en bo estado, amañado no seu fuste, que partiu en diagonal polo terzo superior, con outros signos de golpes, cuberto con cemento. Hoxe apenas se aprecia. Por algunha foto que temos co cemento aínda fresco calculamos que acontecería cara 1986.

Descrición: plataforma cúbica, ou lixeiramente prismática, sen chanzos, parcialmente recebada con cemento na parte

superior. Nun dos seus frontes leva apegada a mesa de altar, da mesma anchura que o baseamento, con tres pedras para conformala, lisas, sen molduras de ningún tipo.

Base troncopiramidal con bordo superior de perfil convexo.

Fuste monolítico de sección octogonal, cos chafráns lixeiramente máis estreitos que as catro caras, rematándose no cume cun corpo prismático e cuñas triangulares para recibir os chafráns.

Capitel cúbico con bordo superior avanzado de perfil cóncavo, coroado por unha moldura cuadrangular de pouco grosor, a xeito de tableta.

Cruz latina de sección octogonal, con bolas de remate nos extremos dos brazos.

Datos históricos: foi realizado no ano 1861, tendo un custo de 184 reais, que se lle pagan ao “maestro por el crucero”.³⁵

Bibliografía:

RIELO CARBALLO, ob. cit., vol. III, p. 174

³⁵ *Libro de Fábrica de Fufin*, n.º I, 1768-1892, fol. 147



12. Cruceiro de Lavandelo

Parroquia: Santiago de Lavandelo

Lugar: Lavandelo

Coordenadas: X: 597176 - Y: 4740527

Cartografía: Servizo Xeográfico do Exército, escala 1: 50.000, folia 7-8 (123).

Situación: á beira dun cruce de camiños, preto da igrexa.

Propiedade: privada, igrexa

Conservación: en bo estado

Descrición: plataforma de tres chanzos de granito.

Base cúbica coa metade superior rebaixada, de forma troncopiramidal.

Fuste de sección cilíndrica, liso.

Carece de capitel.

Cruz latina, de sección cilíndrica, coa efixie do crucificado, de vulto, con tres cravos, brazos caídos, mirando de fronte e bastante

ergueito, con curto faldellín que se anuda á súa esquerda.

Datos históricos: foi realizado arredor do ano 1854, como podemos constatar no libro de fábrica da parroquia, que nos informa de que en tal ano “costó la traslación del crucero con sus perfectos, 70 reales”.³⁶ Entendemos que o termo traslación non se refire a ser trasladado de lugar, senón traído do lugar en que se realizou. Sufriu algún percance e tivo que ser reconstruído recentemente, sen resultar fiel ao anterior, do que só se conserva a base. O resto é actual, contando con 15 anos de antigüidade aproximadamente, sendo realizado pola Escola Taller municipal que funcionou polos anos 1996/97, no módulo de cantería, establecido no que foi Casa Escola do Vilar, aínda que se instalou máis recentemente, haberá 4 ou 5 anos.

³⁶ *Libro de Fábrica de Lavandelo*, I, 1743-1891, fol. 81



13. Cruceiro de Leborei

Parroquia: Santa María de Leborei

Lugar: Leborei

Coordenadas: X: 596724 - Y: 4741564

Cartografía: Servizo Xeográfico do Exército, escala 1: 50.000, folia 7-8 (123).

Situación: moi próximo á igrexa, fóra do adro, case enfronte á entrada ó mesmo, contemplándose a ábsida da mesma.

Propiedade: privada, igrexa

Conservación: en bo estado

Descrición: plataforma de catro chanzos de granito, o inferior parcialmente enterrado, creándose así un amplo baseamento.

Base cúbica con mesa de altar apegada nun dos lados, formada por dúas pedras verticais e a tabla superior proxectada ó exterior, moi voada, de borde recto e moldura inferior ribadada.

Fuste monolítico, prismático, de sección cuadrangular nos extremos e as arestas achafranadas. Capitel formado por dous corpos troncocónicos invertidos, de diferente tamaño, de bordes convexos, separados por unha tableta cuadrangular, que se repite no coronoamento, pero máis fina.

Cruz latina de sección octogonal sobre pequena base cúbica, cos extremos lobulados e botón central.

Datos históricos: neste caso o libro de fábrica danos datos que polo común non son habituais, pois ademais da data de construción, no ano 1855, coñecemos o nome do mestre canteiro que o realizou, Ignacio García. Tivo un custo de 200 reais, “según salíó de remate por el maestro Ignacio García”.³⁷

Bibliografía:

RIELO CARBALLO, ob. cit., vol. III, p. 389

LAREDO VERDEJO, Xosé Luis: *Galicia Entera. A Ulloa, Terra de Melide y Chantada*. Vol. 8, Vigo, ed. Xerais, 1988, p. 94.

³⁷ *Libro de Fábrica de Leborei*, n.º I, 1851-1963, fol. 20



14. Cruceiro de Ligonde

Parroquia: Santiago de Ligonde

Lugar: A Eirexe

Coordenadas: X: 599126 - Y: 4746462

Cartografía: Instituto Xeográfico e Catastral, escala 1: 50.000, folia 97.

Situación: no camiño, próximo á igrexa, da que se divisa a súa ábside.

Propiedade: conservación: en bo estado

Descrición: plataforma de dous chanzos de granito.

Base cúbica que se estreita na parte superior, con bordo cóncavo, para recibir un corpo prismático de sección cuadrangular e bordo convexo.

Fuste monolítico, prismático, de sección cuadrangular e coas arestas achafranadas.

Capitel troncocónico invertido, con corpos superpostos separados por finas molduras.

O inferior de bordo recto, sobre este un de perfil convexo, outro recto, o de maior grosor de perfil ondulante, finalizando cunha tableta de borde recto.

Cruz latina, lisa, de sección octogonal, cos extremos lobulados e botón central.

Bibliografía:

GÓMEZ ALVITE, M.ª José: *Ligonde y el camino de Santiago*, Monterroso, ed. Concello de Monterroso, 2007, p. 72.



15. Cruceiro dos Lameiros

Parroquia: Santiago de Ligonde

Lugar: A Chousa da Cruz

Coordenadas: X: 599896 - Y: 4745451

Cartografía: Instituto Xeográfico e Catastral, escala 1: 50.000, folla 97.

Situación: á beira do camiño francés de peregrinación, preto da brasonada Casa dos Lameiros, coa súa capela dedicada a San Marcos.

Propiedade: privada

Conservación: en bo estado

Descrición: Plataforma de catro chanzos de granito.

Base troncopiramidal de bordo recto, con decoración en relevo en tres das catro caras, con instrumentos da Paixón: escada, martelo, látego, tenaces e machete; coroa de espiñas e espada e caveira con tibias. Son algúns dos instrumentos da Paixón que a devoción da Idade Media agru-

pou nunha especie de trofeo chamado as *Armas de Cristo*, ás que se lles atribuíu un carácter máxico, multiplicándose pouco a pouco os elementos que as conforman. Así, no século XIII reducíanse a seis: coroa de espiñas, columna, varas, cravos, esponxa e lanza ás que se lles engadirán outras a partir do século XV, caso do martelo, a escaleira ou as tenaces,³⁸ o que nos serve tamén de axuda á hora de establecer cronoloxías. Na outra cara pódese ler a seguinte inscrición: DARECON/DEVILIOAM/FECID AÑO 1674, que se lería como “Don Ares Conde y Ulloa Fecit (fixo) no ano 1674”. A forma troncopiramidal do pedestal pode entenderse en clave cristián como unha abstracción do monte Calvario, dándosele incluso esta denominación, debido á súa forma e decoración con instrumentos da Paixón.³⁹

Fuste monolítico, cilíndrico, salvo nos extremos, cuadrangular.

Cruz latina de sección prismática, coa efixie do Crucificado no anverso, de mediorrelevo, pois non se despega por completo do fondo. De tres cravos, ladea lixeiramente a testa cara á dereita e leva coroa de espiñas. Os brazos dispóñense en V e o faldellín anúdase á esquerda. A Virxe con Cristo morto sitúanse no reverso, acompañados por un anxo na base, case convertido en soporte do grupo. A talla resulta neste caso máis plana, case debuxada, con fortes incisións. A cartela sobre a imaxe de Cristo apenas deixaba ler a inscrición, un N, pero sobre a Virxe existe outra cartela, partida, coas letras MA, supoñemos de MARIA.

Destacar a aparición, dun tempo a esta parte, de numerosas pedriñas que se amoroan sobre o baseamento, froito da intensificación de peregrinos que percorren o Camiño de Santiago, que discorre á beira deste cruceiro. Estamos ante un amilladoiro, práctica dos peregrinos, na que cada pedra simboliza unha alma pola que se prega. Tradición ligada ó vello culto a Mercurio, Deus dos camiños, do comercio e protector dos viaxeiros, que guiaba as ánimas cara ao Alén, e a quen se lle honraba lanzando cada viaxeiro una pedra en determinados lugares.⁴⁰

Bibliografía:

- BURGOA FERNÁNDEZ, Juan: “Los cruceros, el patrimonio etnográfico y el arte popular”, Sada, ed. do Castro, *Cuadernos do Seminario de Sargadelos*, 2003, p. 71.
- BURGOA FERNÁNDEZ, Juan: “Os cruceiros nos camiños galegos de peregrinación”, en *Actas do I.º Congreso Galego sobre “Cruceiros e Cruces de Pedra”*, Vigo, AGCE, 2009, p.31. Concellos de Lugo, ed. *El Progreso*, 1999, s/p.
- GARCÍA-RODEJA ARRIBÍ, M.ª Carmen; Pedrouzo Vizcaíno, Olga: *Monterroso (Lugo) en el camino de Santiago*, Lugo, Gráficas Bao, 1982.
- GIZ RAMIL, Julio: *Monterroso en las tierras de Ulloa*, León, ed. Everest, 1990, p. 41, foto p. 101.
- GÓMEZ ALVITE, M.ª José: *Ligonde y el camino de Santiago*, Monterroso, ed. Concello de Monterroso, 2007, p. 71.
- LAREDO VERDEJO, Xosé: Galicia Entera. *A Ulloa, Terra de Melide y Chantada*. Vol. 8, Vigo, ed. Xerais, 1988, p. 95.
- LAREDO VERDEJO, José: *Os nosos cruceiros*. Vol. I, A Coruña, Boreal- Xuntanza editorial, 1993, pp. 154-155.
- LAREDO VERDEJO, José: “Os primeiros cruceiros tradicionais: século XVII”. *Actas do Congreso Galego sobre “Cruceiros e cruces de pedra”*, Vigo, ed. AGCE, pp. 226-227.
- LOSADA DÍAZ, Armando; SEIJAS VÁZQUEZ, Eduardo: *Guía del Camino francés en la provincia de Lugo*, Lugo, Diputación Provincial, 1982, pp. 145- 146.
- Lugo y sus comarcas*, Lugo, ed. *El Progreso*, 1998, pp. 306, 310 e 314.
- PEINADO GÓMEZ, Narciso: *Guía monumental y artística de la provincia de Lugo*, Lugo, *La Voz de la Verdad*, 1971, p. 150.
- VALCÁRCEL, Xulio: *No corazón de Galicia. Viaxe polas terras de Chantada e A Ulloa*. Vigo, *A Nosa Terra*, 2001, p. 252.
- VILLARABID, Víctor: *El Camino de Santiago en Galicia*, León, ed. Everest, 1992, p. 82, foto p. 80.
- Voz “Monterroso”, en *Gran Enciclopedia Galega*, vol. 30, Lugo, ed. *El Progreso*, 2003, pp. 168 e 170.
- YEBRA DE ARES, Antonio: *Monterroso. “Pasado y presente”*, Lugo, Deputación Provincial, 1987, p. 135.
- YEBRA DE ARES, Antonio: *Pazos y señoríos de la provincia de Lugo*, vol. II, Lugo, Diputación Provincial, 2000, pp. 154- 155.

³⁸ REAU, ob. cit., tomo I, vol. 2, p. 529

³⁹ GONZÁLEZ PÉREZ, ob. cit., p. 81. Tamén ERÍAS MARTÍNEZ, Alfredo: “Para unha definición do cruceiro”, en *Actas do I.º Congreso Galego sobre Cruceiros*, ob. cit., p. 72.

⁴⁰ ERÍAS MARTÍNEZ, ob. cit., p. 74.



16. Cruceiro de Lodoso

Parroquia: San Xoán de Lodoso

Lugar: Lodoso

Coordenadas: X: 596607 - Y: 596607

Cartografía: Instituto Xeográfico e Catastral, escala 1: 50.000, folia 97

Situación: fronte á fachada da igrexa, dentro do recinto do adro.

Propiedade: privada, igrexa

Conservación: en bo estado

Descrición: plataforma de dous chanzos de granito.

Base cúbica coas arestas superiores rebaixadas. Nun dos lados está apegada a mesa de altar, composta por dúas pezas verticais que sosteñen a táboa horizontal, rectangular, de bordo superior recto e inferior noiro.

Fuste monolítico, prismático, de sección cuadrangular nos extremos e coas arestas

rebaixadas no resto.

Capitel moldurado, con peza troncopiramidal invertida, entre xunquillos sobresaíntes de bordos rectos, moldura prismática de bordo convexo e a de remate plana de bordo recto. Cruz latina de sección octogonal, con botóns esféricos sobresaíndo dos extremos de corte recto.

Datos históricos: obra de 1862, que tivo un custo de 280 reais, “pagados al maestro por hacer el crucero”, como se desprende dos libros parroquiais.⁴¹

Bibliografía:

RIELO CARBALLO, ob. cit., vol. III, p. 428

⁴¹ Libro de Fábrica de Lodoso, nº I, 1779-1963, fol. 179.



17. Cruceiro de Marzán

Parroquia: Santa María de Marzán

Lugar: Marzán

Coordenadas: X: 602497 - Y: 4747971

Cartografía: Instituto Xeográfico e Catastral, escala 1: 50.000, folia 97.

Situación: fronte á igrexa, no interior do adro

Propiedade: privada, igrexa

Conservación: en bo estado

Descrición: plataforma de dous chanzos de granito.

Base moldurada, con sección inferior cúbica, que conta cunha inscrición nun dos seus lados, de superficie rebaixada: 8-4-2005.

Segue un corpo troncopiramidal de bordos cóncavos, tableta de borde curvo e a superior de bordo convexo.

Fuste monolítico, prismático, de sección cuadrangular nos extremos e as arestas rebaixadas.

Capitel formado por un corpo cúbico que descansa en moldura troncopiramidal invertida de perfil ondulante.

Cruz latina, lisa, de sección prismática.



18. Cruceiro de Novelúa

Parroquia: San Cristovo de Novelúa

Lugar: O Castro

Coordenadas: X: 598502 - Y: 4742425

Cartografía: Servizo Xeográfico do Exército, escala 1: 50.000, folia 7-8 (123).

Situación: ao lado do lateral sur da igrexa, fóra do adro, no cume do castro en que esta se asenta, que serve de campo da festa.

Propiedade: privada, igrexa

Conservación: en bo estado

Descrición: plataforma escalonada de tres chanzos graníticos.

Base moi movida grazas ó rico xogo de corpos moldurados superpostos. De abaixo a arriba tableta cuadrangular, corpo cúbico de perfís fortemente cóncavos e finalmente o superior, tamén cúbico, pera neste caso de perfís convexos, ofrecendo un aspecto

abombado. Remátase cunha fina tableta. Nun dos lados leva apegada a mesa de altar, con tapa rectangular voada, de bordo recto e moldura inferior convexa.

Fuste monolítico de gran altura, de sección cuadrangular no seu inicio e remate, pero achafranado no resto.

Capitel troncopiramidal invertido, especialmente moldurado, con finos xunquillos que separan molduras de maior anchura, convexa, cóncava e con bordo noiro.

Cruz latina de sección octogonal, cos extremos lobulados rematados por bólas moi marcadas.

Bibliografía:

RIELO CARBALLO, ob. cit., vol. IV, p. 382



19. Cruceiro de Pedraza

Parroquia: Santa María de Pedraza

Lugar: Pedraza

Coordenadas: X: 592728 - Y: 4741252

Cartografía: Servizo Xeográfico do Exército, escala 1: 50.000, folia 6-8 (122).

Situación: moi preto da igrexa, fóra do adro

Propiedade: privada, igrexa

Conservación: en bo estado

Descrición: plataforma de dous chanzos de granito, o inferior escasamente sobresaínte.

Base con sección cúbica sobre a que vai un corpo troncopiramidal. Nun dos lados apéganselle dúas pedras recortadas para acoplarse e soportar a mesa de altar, de bordo recto e moldura inferior ribada.

Fuste monolítico, de sección cuadrangular nos extremos e octogonal no resto.

Capitel moldurado, con tableta inferior de bordes convexos; a central máis ancha, de bordo cóncavo; e a superior de bordo recto, separadas por xunquillos.

Cruz latina de sección octogonal e cortes rectos nos seus extremos.

Bibliografía:

RIELO CARBALLO, ob. cit., vol. V, 1983, p. 87



20. Cruceiro de Penas

Parroquia: San Miguel de Penas

Lugar: Penas

Coordenadas: X: 598644 - Y: 4739796

Cartografía: Servizo Xeográfico do Exército, escala: 1: 50.000, folla 7-8 (123).

Situación: fronte á fachada da igrexa, fóra do adro, no que é o campo da festa.

Propiedade: privada, igrexa

Conservación: en bo estado

Descrición: base cilíndrica lisa rematada cunha arandela de bordo lixeiramente cóncavo. Fuste cilíndrico que ten gravada unha caveira na parte inferior, sobre a que vai unha escada, silueteada en negro e que chega ata a base do capitel, sinalando os 14 pasos do Calvario ou estacións. Dunha maneira simple reconstrúese unha imaxe do *Via Crucis*, que se complementaría cos

textos e lecturas no momento de levar a cabo a cerimonia, contando así cun carácter didáctico, orientado á fácil interpretación e comprensión da mortificación e penitencia polos pecados.⁴² Creado pola orde franciscana, o *Vía Crucis* explícase polo culto á Paixón que tivo esta, identificados cos sufrimentos de Xesucristo, establecendo unha tradición que permanecerá case inmutable. Non será, non obstante, ata o século XVIII cando o Camiño da Cruz, coas súas catorce estacións, entre definitivamente na piedade cristiá e na arte.⁴³

Capitel iniciado cunha arandela sobresaínte, prato de bordo recto, bocel semiesférico e tapa circular de superficie convexa.

Cruz latina, lisa, cos brazos de sección cilíndrica e terminacións rectas.

Datos históricos: datado entre os anos 1920-1921, tivo un custo de 250 pesetas, sendo dádiva do párroco por aquel entón, D. Teolindo Cortiña Tournal, todo un personaxe

da época.⁴⁴ Como queda rexistrado no libro de fábrica, “El cruceiro de piedra que hay en la plaza, delante de la iglesia de Penas, lo he costeado yo de mi bolsillo, hace unos 6 ó 7 años. Me costó 250 pts.” Anotación que se fai o día 5 de xullo de 1927 e que asina o devandito párroco.⁴⁵

Bibliografía:

RIELO CARBALLO, ob. cit., Vol. V, p.119

⁴² Sobre este aspecto, a estreita relación existente entre a literatura e a arte, durante a época do barroco en Galicia, véxase MONTERROSO MONTERO, Juan: “Del texto a la imagen. O de cómo los resortes de la devoción actúan sobre las palabras y las imágenes en los siglos XVII y XVIII en Galicia”, en *Semata*, n.º 9, Universidade de Santiago de Compostela, 1997, pp. 432-433.

⁴³ MÅLE, Emile: *El Barroco. Arte religioso del siglo XVII. Italia, Francia, España, Flandes*. Madrid, ed. Encuentro, 1985, p. 176. *Gardiáns do Santo Sepulcro dende o século XIII, os franciscanos permanecerán sempre vencellados a este lugar sagrado, acollendo ós peregrinos e servíndolles de guía na cidade santa, visitando os lugares da Paixón, creando así en Xerusalén o Vía Crucis*.

⁴⁴ Sacerdote e escritor galego, natural do Incio, que nas súas obras empregou o pseudónimo de Antón de Sirgal, aludindo á parroquia monterrosina da que fora tamén párroco. Cofundador e colaborador de *El Eco del Ulla*, periódico do concello nos anos 20, centrou a súa obra na loita contra o caciquismo e o apoio ó réxime franquista. A súa actitude literaria está considerada como enteiramente decimonónica. Véxase Fontoira, Lydia, e García, Carmen: Voz “Cortiña Tournal, Teolindo”, en *Gran Enciclopedia Galega*, vol. 11, pp. 253-254.

⁴⁵ *Libro de Fábrica de Penas e Pol*, n.º II, 1888-1985, fol. 33



21. Cruceiro de Penas (II)

Parroquia: San Miguel de Penas

Lugar: Penas

Coordenadas: X: 598664 - Y: 4739644

Cartografía: Servizo Xeográfico do Exército, escala 1: 50.000, folia 7-8 (123).

Situación: nun cruzamento de camiños, preto da estrada de Lugo a Vigo, nun cruzamento onde se sinalan dúas casas de turismo rural.

Propiedade: privada

Conservación: en bo estado

Descrición: plataforma de tres chanzos de granito.

Carece de base.

Fuste monolítico, prismático, de sección cuadrangular.

Capitel vexetal de tipo corintio, iniciado cunha baquetilla na parte inferior e cesto

de dous niveis. O inferior componse dunha coroa de caulículos, con nervio central, do que parten incisións en uve. O superior con volutas nas beiras, deixando no centro, en altura testas humanas, que interceptan o ábaco.

Cruz latina, prismática, de bordes lobulados. No anverso, orientado cara ao leste, leva a figura do crucificado, de tres cravos, brazos en uve, testa con coroa de espiñas ladeada e curto perizoma, coas pernas xuntas, despegándose do fondo. No anverso a figura da Virxe co Neno, portando o que semella un escapulario, polo que pensamos pode tratarse da Virxe do Carme.

Datos históricos: peza moi recente, que debeu de colocarse con motivo da apertura dalgunha das casas de turismo rural, recreando un vello cruceiro, que se afasta por completo das tipoloxías características da zona. Demasiado culto nos elementos máis sobresaíntes, como é o capitel, e en menor medida a cruz. O avellentamento a que foi sometido está ben logrado, integrándose no lugar.



22. Cruceiro de Pol

Parroquia: San Cibrao de Pol

Lugar: Pol

Coordenadas: X: 598695 - Y: 4739090

Cartografía: Servizo Xeográfico do Exército, escala 1: 50.000, folia 7-8 (123).

Situación: á beira dun camiño, preto da igrexa

Propiedade: privada, igrexa

Conservación: en bo estado

Descrición: ampla plataforma composta por tres chanzos de granito.

Base cúbica rematada por un corpo prismático de borde cóncavo.

Fuste monolítico, prismático, de sección cuadrangular nos extremos e coas arestas achafranadas.

Capitel de tipo troncopiramidal invertido, moi moldurado, con tableta cuadrangular de bordo liso, a continuación outra de

bordo convexo, unha de bordo cóncavo e outra troncopiramidal invertida de bordo fundamente cóncava, rematándose cunha tableta de bordo recto e escaso grosor.

Cruz latina, lisa, de sección octogonal, cos seus extremos rematados en forma piramidal moi marcada.

Datos históricos: o cruceiro data do ano 1855, cando se gastan inicialmente 10 reais, completados dous anos máis tarde con 290, que segundo se sinala, tivo de custo un cruceiro de pedra.⁴⁶ A cruz será substituída pola actual no ano 1949, gastándose 150 pesetas nela, conxuntamente coa porta da tribuna.⁴⁷

Bibliografía:

RIELO CARBALLO, ob. cit., vol. V, p. 192

⁴⁶ *Libro de Fábrica de Pol*, 1806-1892, fol. 24, de 1855; e fol. 26, de 1857

⁴⁷ *Libro de Fábrica de Penas e Pol*, n.º II, 1888-1985, fol. 40



23. Cruceiro de Salgueiros

Parroquia: Santa María de Salgueiros

Lugar: Salgueiros

Coordenadas: X: 601107 - Y: 4728878

Cartografía: Servizo Xeográfico do Exército, escala 1: 50.000, folia 7-8 (123).

Situación: no camiño que baixa dende a estrada cara á igrexa e aldea, fronte á antiga escola, deixando ver ó fondo o tecto da ábside da parroquia.

Propiedade: privada, igrexa

Conservación: en bo estado

Descrición: plataforma de tres chanzos de granito.

Carece de base, aínda que se podería considerar como tal o chanzo superior, con bordo lixeiramente rebaixado, a pesar da súa tosquidade.

O fuste, monolítico, é máis curto do habitual.

Prismático, ten sección cuadrangular nos extremos, achafranándose nas súas arestas. Capitel moi plano, composto por tableta cudrangular de bordo recto surmontada por outra de maior amplitude e voo, con incisión central.

Cruz latina de brazos rectos, con remates lobulados nos extremos, a xeito de botóns circulares en resalte, semiesféricos. Tanto no anverso coma no reverso márcase unha cruz refundida, cun cadrado en resalte no cuadrón central.

Datos históricos: A obra data do ano 1843, custeado, cando menos en parte, pola Confraría Rosario, pois nesa data o depositario puxo 84 reais para “el crucero que se hizo cerca de la iglesia para las procesiones”.⁴⁸

Bibliografía:

RIELO CARBALLO, ob. cit., vol. V, p. 466



24. Cruceiro de San Breixo

Parroquia: San Salvador de San Breixo

Lugar: San Breixo

Coordenadas: X: 598010 - Y: 4737576

Cartografía: Servizo Xeográfico do Exército, escala 1: 50.000, folia 7-8 (123).

Situación: preto da igrexa parroquial, á beira dun cruzamento de camiños.

Propiedade: privada, igrexa

Conservación: en bo estado

Descrición: plataforma con dous chanzos de granito cuadrangulares, apoiándose en rochas do terreo.

Base cúbica coroada por corpo troncocónico de perfil cóncavo.

Fuste monolítico, prismático, de sección cuadrangular nos extremos, cun maior desenvolvemento do habitual e arestas achafranadas.

Capitel moldurado, con tableta inferior de

bordo recto, a central de bordo cóncavo e maior anchura, rematándose por outra tableta sobresaínte de borde recto.

Cruz latina, lisa, de sección octogonal.

Datos históricos: o cruceiro de Sambreixo está ben documentado nos libros parroquiais, que nos permiten coñecer a data de construción e mesmo o artífice. En 1779 “Se rebaja al cura a cuenta de lo que tiene en su poder 1 real y 22 maravedís que costó un azumbre de vino para los carreteros que trajeron la vara de un crucero para la iglesia”.⁴⁹ No ano seguinte, 1780, faise o pagamento do cruceiro, cando se lle rebaixan a Domingo Antonio García, “34 reales que entregó a Ignacio lapidario, vecino de San Breixo, por hacer un crucero de piedra para la iglesia”.⁵⁰ O mesmo canteiro traballa na porta do adro e nas sopenas da sancristía.

Bibliografía:

RIELO CARBALLO, ob. cit., vol. V, p.470

Voz “Monterroso”, na *Gran Enciclopedia Galega*, vol. 30, Lugo, ed. *El Progreso*, 2003, p. 170.

⁴⁸ *Libro da Confraría da Nosa Señora del Rosario*, I, 1818-1930, fol. 21

⁴⁹ *Libro de Fábrica de San Breixo*, n.º I, 1770-1888, fol. 19

⁵⁰ *Ídem*, fol. 19 v



25. Cruceiro de Satrexas

Parroquia: Santa Eufemia de Satrexas
Lugar: Satrexas
Coordenadas: X: 596127 - Y: 4738957
Cartografía: Servizo Xeográfico do Exército, escala 1: 50.000, folia 7-8 (123).
Situación: nun alto, dende o que se divisa a fachada da igrexa e camposanto.
Propiedade: privada, igrexa
Conservación: en bo estado
Descrición: plataforma de dous chanzos de granito.
 Base cúbica co seu terzo superior rebaixado no seu contorno por unha moldura cóncava. Fuste monolítico, prismático, de sección cuadrangular nos extremos e arestas achafranadas. Capitel moldurado, composto de tableta sobresaínte entre xunquillos, sobre a que descansan tres máis de diferentes grosos

en disposición escalonada, todas de bordos rectos.

Cruz latina, moi esbelta, de sección octogonal e bordos lobulados, dos que sobresaen un botón cilíndrico.

Datos históricos: foi realizado no ano 1917, e tivo de custo 47 pesos. Descontando 44 da pidade dos feis, aboou a igrexa 15 pesetas.⁵¹

Bibliografía:

RIELO CARBALLO, ob. cit., vol. VI, Ministerio de Cultura, 1983, p. 19

⁵¹ *Libro de Fábrica de Arada, Seteiglesias e Labandelo*, n.º II, 1884-1985, fol. 36



26. Cruceiro de Sirgal

Parroquia: Santo André de Sirgal
Lugar: Sirgal
Coordenadas: X: 596374 - Y: 4737985
Cartografía: Servizo Xeográfico do Exército, escala 1: 50.000, folia 7-8 (123).
Situación: fronte á igrexa, fóra do adro, no campo da festa, nun terreo en pendente.
Propiedade: privada, igrexa
Conservación: en bo estado
Descrición: plataforma de tres chanzos, que no lado de maior pendente se converten en cinco, para así salvar o desnivel. Na cara oeste leva situado un altar, composto por dúas pezas molduradas, a xeito de canzoros invertidos, nos que descansa a propia mesa, rectangular, de perfil noiro e bordo recto.
 Base cúbica con corpo troncocónico de bordos cóncavos coroándoo.

Fuste monolítico, prismático, de sección cuadrangular nos extremos, con especial desenvolvemento e as arestas rebaixadas en chafrán.

Capitel moi moldurado, troncopiramidal invertido, composto por tableta de bordo cóncavo, a central convexa e a superior ondulante, separadas por ábacos de bordos rectos, que as enmarcan.

Esvelta cruz latina de sección octogonal, que remata os brazos horizontais e o vertical, nas metades extremas, con ensanchamentos prismáticos de bordos lobulados, dos que emerxe un cilindro.

Datos históricos: aínda que non temos constancia documental da construción deste cruceiro, debeuse de erixir pouco despois da nova parroquial, de 1866, que se trasladou de lugar.⁵²

Bibliografía:

RIELO CARBALLO, ob. cit., vol. VI, p. 39

⁵² Dato que achega o *Libro da Confraría de San Juan Bautista*, n.º I, 1740-1904, fol. 133



27. Cruceiro de Sirgal (II)

Parroquia: Santo André de Sirgal
Lugar: Sirgal, O Castro. Cruceiro da Torre
Coordenadas: X: 597145 - Y: 4738001
Cartografía: Servizo Xeográfico do Exército, escala 1: 50.000, folia 7-8 (123).
Situación: no interior do recinto do vello cemiterio.
Propiedade: conservación: En bo estado.
Descrición: carece de plataforma.
 Base cúbica e bordo superior noiro.
 Fuste monolítico, prismático, de sección cuadrangular nas beiras e coas arestas achafranadas. Nunha das caras da sección superior pódese ler ANO/DE/1910.
 Capitel moldurado, con tableta inferior de bordo cóncavo entre xunquillos, corpo central cúbico rematado con semibocel no bordo superior e tableta final.

Cruz latina, lisa, de sección octogonal, ensanchándose os extremos con terminacións lobuladas das que parte un cilindro do seu centro, a xeito de botón. Nun dos laterais do capitel atópase a inscrición **RECUERDO DE / DE ANIMAS/PORDFRA/N CISCO LO/ SADA**.
Outros datos: o cruceiro levántase no que foi o primitivo camposanto e lugar onde, con toda probabilidade, se atopaba a primitiva igrexa parroquial. Isto explicaría perfectamente a erección do cruceiro, coa devoción das ánimas.



28. Cruceiro de Sucastro

Parroquia: Santa Mariña de Sucastro
Lugar: Sucastro
Coordenadas: X: 597160 - Y: 4735237
Cartografía: Servizo Xeográfico do Exército, escala 1: 50.000, folia 7-8 ((123)).
Situación: fronte á igrexa parroquial, no cume do castro que da nome ó lugar.
Propiedade: privada, igrexa
Conservación: en bo estado
Descrición: plataforma de dous chanzos.
 Base cúbica co bordo superior rebaxado con perfil cóncavo.
 Fuste monolítico, prismático, de sección cuadrangular na parte superior e achafranado nas arestas.
 Capitel de tipo cúbico, formado pola superposición de molduras prismáticas, tres exactamente, de similar grosor, con bordo

recto e moldura inferior achafranada a da base mentres as superiores se dinamizan cunha profunda incisión.
 Cruz latina, lisa, de sección octogonal, cos extremos ensanchados mediante lóbulos, dos que sobresaen botóns centrais.

Datos históricos: nos últimos tempos recuperou o aspecto orixinal, pois ata hai uns anos contaba con chanzos de cemento, o capitel empregado como base e o varal invertido. Este amaño tivo lugar cara ao ano 2000, cando foi sancionada a parroquia por Patrimonio ao obrar sen dar conta destes labores.

Bibliografía:

RIELO CARBALLO, ob. cit., vol. VI, p. 75



29. Cruceiro de Tarrío

Parroquia: Santa María de Tarrío
Lugar: Tarrío
Coordenadas: X: 596011 - Y: 4745073
Cartografía: Instituto Xeográfico e Catastral, escala 1: 50.000, folia 97.
Situación: Ao lado da igrexa, no interior do adro, rodeado polos enterramentos do camposanto.
Propiedade: privada, igrexa
Conservación: en bo estado
Descrición: plataforma dun chanzo cos bordos moldurados con perfil convexo, que asenta no que parece outro, de cachotería, que debeu estar moito tempo enterrado. Base cúbica, con remate superior troncopiramidal de bordos cóncavos. Nunha das caras leva a inscrición: **estecruze/roLO-YZO JUº/ E,SIMª,VAZ,/ANO DE 1800.**

(A cifra final, o cero, inclúe outro menor no seu interior).

Fuste monolítico, prismático, de sección cuadrangular nos extremos e arestas achafranadas, co que parecen dobres arcos gravados na parte superior, baixo o capitel.

Capitel de pequenas dimensións, con peza troncopiramidal invertida de perfil convexo, sobre a que vai outra cóncava, enmarcadas por xunquillos, rematándose cunha tableta.

Cruz latina, de brazos rectos e sección cuadrangular, que aparece refundida no interior do anverso e reverso. Na parte frontal leva gravadas unhas letras, nos extremos.

No brazo esquerdo un **M**, un **A** no dereito e **JHS** no superior. Nos remates dos laterais senllos **H** e nos laterais do brazo superior corazóns, que poida ser aparezan na parte posterior, pero non chegamos a apreciarlo.



30. Cruceiro de Valboa

Parroquia: San Salvador de Valboa
Lugar: Alto
Coordenadas: X: 596172 - Y: 4733796
Cartografía: Servizo Xeográfico do Exército, escala 1: 50.000, folia 7-8 (123).
Situación: nun alto, próximo á igrexa, dividíndose a ábside e fachada norte dela.
Propiedade: privada, igrexa
Conservación: en bo estado
Descrición: plataforma de dous chanzos de granito. Base troncopiramidal, con bordo noiro superior de perfil cóncavo. Nun dos lados conta con mesa de altar, formada por dúas pezas verticais semellantes a canzoros de perfil curvo e a tabla, rectangular, de bordo moldurado. Dúas das frontes aparecen rebaixadas no centro, con cruces en resalte.

Fuste monolítico, prismático, de sección cuadrangular nos extremos e coas arestas achafranadas e aresta ondulante na parte superior.

Capitel troncocónico invertido, composto polo escalonamento de molduras que se agrandan de abaixo a arriba, xugando coa alternancia de concavidades e convexidades para así crear movemento e plasticidade. A inferior é de bordo noiro, á que lle seguen outras cinco de bordo recto e case igual grosor.

Cruz latina, lisa, de sección cuadrangular e arestas achafranadas, cos extremos ensanchados e botón cilíndrico central.

Datos históricos: a obra data de 1904, sendo costeada na súa maior parte pola Confraría do Santísimo, que emprega “160 reales para ayudar a hacer el crucero de Valboa”⁵³, completándose o pagamento coa fábrica parroquial, que destina a tal fin “55 reales para ayuda de hacer el crucero a la Cofradía de Balboa”.⁵⁴

Substitúe este cruceiro a outro anterior erixido en 1770, que tivera un custo de 33 reais e medio.⁵⁵ Anos máis tarde, en 1914, a Confraría achega 56 reais para “ayudar a pintar el crucero”.⁵⁶

Bibliografía:

RIELO CARBALLO, ob. cit., vol. VI, p. 177

⁵³ *Libro da Confraría del Santísimo*, n.º I, 1900-1920

⁵⁴ *Libro de Fábrica de Valboa*, II, 1872-1940, fol. 46

⁵⁵ *Libro de Fábrica de Valboa*, I, 1737- 1872, fol. 37

⁵⁶ *Libro da Confraría del Santísimo*, 1900- 1920, s/f



31. Cruceiro de Vilanova

Parroquia: San Pedro de Vilanova

Lugar: Outeiro de San Pedro

Coordenadas: X: 596050 - Y: 4742220

Cartografía: Servizo Xeográfico do Exército, escala 1: 50.000, folla 7-8 (123).

Situación: preto da igrexa, fóra do adro, nun terreo rochoso, no que se conservan varios sartegos excavados na rocha.

Propiedade: privada, igrexa

Conservación: en bo estado

Descrición: carece de plataforma, pois asenta directamente na rocha que aflora no terreo.

Base troncopiramidal de bordos redondeados.

Fuste monolítico, prismático, de sección cuadrangular nos extremos, segmentados curvos na parte superior, coas arestas achafranadas.

Capitel cúbico con xunquillo inferior.

Cruz grega, de sección octogonal, con

pequena base cúbica. Bordos cortados rectos.

Bibliografía:

RIELO CARBALLO, ob. cit., vol. VI, p. 317

32. Cruceiro de Viloíde

Parroquia: San Cristovo de Viloíde

Lugar: Viloíde

Cartografía: Servizo Xeográfico do Exército, escala 1: 50.000, folla 7-8 (123).

Situación: propiedade privada, igrexa

Conservación: mal estado

Descrición: o cruceiro aparece mencionado por Rielo Carballo, pero a día de hoxe non se atopa no seu lugar.⁵⁷

Bibliografía:

RIELO CARBALLO, ob. cit., vol. VI, p. 418

⁵⁷ RIELO CARBALLO, ob. cit., vol. VI, p. 418.